



Esta colección componse dos documentos e obxectos orixinais (gravacións sonoras, fotografías, transcricións de textos e partituras) do traballo de campo etnomusicolóxico levado a cabo entre os anos 1978 e 1984 por Dorothé Schubarth coa colaboración de Antón Santamarina. Este material serviu de base para os sete volumes do Cancioneiro Popular Galego, obra común dos autores editada pola Fundación Barrié.

O venres 5 de setembro de 2014 recibimos o arquivo procedente da residencia da Sra. Schubarth. Tras a realización do inventario celebrouse no Museo do Pobo Galego a sinatura de recepción da doazón efectuada por Dorothé Schubarth e Antón Santamarina.

NA COLECCIÓN PODEMOS ATOPAR

—As casetes orixinais coas gravacións de campo (22 arquivadores-caixón con 210 casetes etiquetadas e numeradas).

—Cartafoles con transcricións de textos e datos de recollida asociados ás gravacións (etiquetados e maioritariamente numerados). Os etiquetados indican a colección e a procedencia xeográfica dos contidos. Na seguinte lista mantemos a ordenación orixinal:

| | | | |
|---------------------------------|------------------------------|-----------------------------|--------------------------|
| —A Estrada. Forcarei. As Cruces | —Carballiño. Castro Caldelas | —Meira I | —Arzúa |
| —Muxía. Camariñas | —Viana | —O Incio | —Contos |
| —Mazaricos I-IV | —ILG | —Viveiro | —Xaquín Lorenzo |
| —Rías Baixas | —Vilardevós. Verín | —Palas De Rei | —Portomarín |
| —Mazaricos II. Santa Comba | —Sobrado dos Monxes | —Fonsagrada. ILG | —Bierzo |
| —Sobrado | —A Mezquita II | —Chantada. Misa Vella | —Taramundi |
| —Ponteceso | —Bande I | —A Mezquita I | —Courel I |
| —Outes II | —Bande II | —Ancares | —Courel II |
| —Outes I | —Meira II | —Ordes II. Santiago. Curtis | —Ordes. Santiago. Curtis |
| —Baixo Miño | —Campobecerros | —Ordes I (I-VII) | —Índice CDs |

—Cartafoles (4, etiquetados por provincias) e sobres con material fotográfico.

—Partituras, separatas e manuscritos orixinais de publicacións.

MATERIAL COMPLEMENTARIO

Nunha segunda achega completouse a colección con numeroso material bibliográfico: discos compactos coas súas gravacións dixitalizadas e outros discos con música tradicional de distintas partes do mundo, que se atopan a disposición dos investigadores que o desexen na biblioteca do Museo do Pobo Galego.

Por outra banda, en cada nova visita a Galicia a Sra. Schubarth achega copia das recentes gravacións e fotografías realizadas a informantes xa coñecidos (ou a familiares deles), a quen volve a ver nestas viaxes e coas que non perdeu contacto.



[15-01-2017]

Dorothé Schubarth [dereita] e Esclavitud durante unha recolla na Agrela, Parada — Ordes